



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DO ALZHEIMER

■ 5

1 DE OUTUBRO: DÍA INTERNACIONAL DOS MAIORES

O Consello da Xunta aproba o documento definitivo do Plan Galego de Maiores

- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantiveron un almorzo cos representantes das 13 asociacións de maiores máis representativas de Galicia para agradecerlles a súa implicación co proxecto
- O Goberno galego presentará a súa estratexia para a terceira idade nesta lexislatura coincidindo co Día Internacional dos Maiores.

■ 3



Emprego

Traballo inviste 6,3 millóns de euros na contratación de 260 axentes de emprego co fin de dinamizar os contornos locais

- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 999, do 15.09.2010) publica a orde que convoca estas axudas, destinadas aos concellos galegos e ás entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local
- Este técnicos ocúpense de promover a implantación das políticas activas de emprego e de fomentar a xeración de postos de traballo no contorno local e rural.

■ 9



Feijóo prioriza a Educación Infantil con 4.500 novas prazas ata 2013 a pesar dos recortes orzamentarios do Goberno central



- Mato destaca que a Xunta puxo en marcha preto de 1.500 prazas públicas en escolas infantís en menos de ano e medio, o que supón un incremento do 10%
- A conselleira de Traballo e Benestar explicou no Parlamento o labor que está a facer o Goberno galego para planificar e incrementar a rede de escolas infantís sostidas con fondos públicos
- A titular da área da Xunta indicou que as cifras avalan o traballo que está a desempeñar o Goberno galego para acadar o seu compromiso de poñer en funcionamento 4.500 prazas ao final de 2013
- O departamento autonómico porá en marcha 1.000 novas prazas no próximo curso.

■ 2

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou en setembro un total de 216.095 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 4.563 persoas

- Na evolución anual, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de setembro deste ano, o número de persoas desempregadas baixou en 6.744 persoas, un descenso do 3,03%, mentres que no Estado houbo un incremento dun 2,4% neste mesmo período.

■ 8

Sumario

Benestar	2-4	Seguridade e saúde laboral	11
Dependencia	5-6		
Xuventude	7	Breves	11
Informe do paro rexistrado	8	Publicacións	12
Formación-Emprego	8-10	Normativa	12-20

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

A Xunta puxo en marcha preto de 1.500 prazas públicas en escolas infantís en menos de ano e medio, o que supón un incremento do 10%



Santiago, 29 de setembro de 2010.- A

Xunta leva postas en marcha un total de 1.496 novas prazas públicas de escolas infantís nos últimos 16 meses, o que supón un incremento do 10 por cento deste recurso en menos de ano e medio. Así o explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, no Parlamento, onde expuxo o labor que está a facer o Goberno galego para planificar e incrementar a rede de escolas infantís 'Galiña Azul'.

Sinalou, así, que as cifras avalan o labor que está a facer a Administración autonómica para acadar a finais do 2013 o compromiso do Goberno galego plasmado no Plan de Actuación Social: a posta en funcionamento de 4.500 prazas públicas co obxectivo principal de que "os pais e nais galegos podan conciliar a súa vida laboral e familiar, un dos nosos retos desde a chegada ao Goberno", resaltou.

Por iso, Mato indicou que "pese aos recortes do Goberno central, a Xunta segue a atender as necesidades básicas dos cidadáns" e, desta forma, lembrou que para iso o departamento autonómico investiu xa 11 millóns de euros para construír e manter as escolas.

"Desde o Goberno planificamos xunto cos concellos as prioridades reais das localidades, planificando no contido, no tempo e, o máis importante, nos cartos", recalcou Mato.

Por último, Mato incidiu nas previsións da Xunta nos próximos anos na creación de escolas infantís e concluíu asegurando que "en 2011 non pararemos, xa que temos previsto incorporar outras 1.000 prazas máis porque, en definitiva, cremos que para a conciliación da vida familiar e persoal a rede de escolas infantís xoga un papel determinante porque son, ademais, a porta dos máis pequenos ao mundo educativo, os primeiros pasos na súa socialización".

- ▶ Feijóo prioriza a Educación Infantil con 4.500 novas prazas ata 2013 a pesar dos recortes orzamentarios do Goberno central
- ▶ "Somos conscientes de que un pobo como o noso, que ten un grave problema estrutural como é o envellecemento da poboación, ten que priorizar todas as facilidades para que os pais poidan compatibilizar o horario laboral co coidado dos seus fillos", declarou o presidente.

Barro (Pontevedra), 27 de setembro de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, afirmou durante a visita á Escola Infantil de Barro, que a pesar dos recortes presupostarios do Goberno central, a educación infantil é para o Goberno galego unha prioridade e garantiu, así, a creación de 4.500 novas prazas de escola infantil ata 2013. "Queremos -dixo- que todos os rapaces de 0 a 3 anos teñan unha oportunidade dunha escola infantil financiada con fondos públicos. E ese é o obxectivo que imos perseguir".

Neste sentido, afirmou que os obxectivos se están a cumprir conforme ao previsto, "xa que, desde setembro de 2009 ata xaneiro de 2011, estamos poñendo a funcionar 2.000 novas prazas en escolas infantís. Neste primeiro ano -setembro de 2009 ata setembro de 2010- levamos, xa, 1.500 prazas novas e, nos próximos meses, -concretou- poñeremos en marcha outras 500".

Para o presidente do Executivo galego, a creación en 16 meses de 2.000 novas prazas pon de manifesto que esta iniciativa non é só un compromiso político senón que é "unha realidade tanxible nos pobos e concellos de Galicia". "Somos conscientes de que un pobo como o noso, que ten un grave problema estrutu-

ral como é o envellecemento da poboación, ten que priorizar todas as facilidades para que os pais poidan compatibilizar o horario laboral co coidado dos seus fillos; e por iso imos conseguir conforme ao previsto que no ano 2013 teñamos 4.500 novas prazas funcionando".



O Consello da Xunta aprobou o documento definitivo do Plan Galego de Maiores



- ▶ O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantiveron un almorzo cos representantes das 13 asociacións de maiores máis representativas de Galicia para agradecerlles a súa implicación co proxecto
- ▶ O Goberno galego presentou a súa estratexia para a terceira idade nesta lexislatura coincidindo co Día Internacional dos Maiores
- ▶ Unha das actuacións que contempla é a reactivación do Consello Galego das Persoas Maiores, co fin de garantir a participación dos maiores no deseño das políticas dirixidas a este colectivo
- ▶ Entre as medidas, a Administración autonómica elaborará un decálogo de dereitos das persoas maiores, porá en marcha unha nova carteira de servizos e incrementará os programas de envellecemento activo así como os servizos de proximidade.



res só como destinatarios dunha serie de actuacións, senón que están presentes como parte activa da nosa sociedade".

Catro eixos principais

O documento aséntase sobre catro eixos concretos: a difusión da vellez como unha etapa da vida na que se poden facer importantes achegas ao proceso de desenvolvemento socioeconómico da sociedade; a divulgación dos dereitos das persoas maiores; a mellora dos mecanismos existentes para a protección dos dereitos e a prevención das situacións de risco; e, por último, a redución das desigualdades entre homes e mulleres e a promoción dos principios da igualdade de xénero entre as persoas maiores.

Cada un destes núcleos inclúe obxectivos xerais e operativos e tamén as medidas a poñer en marcha para acadalos. Así, entre as actuacións que se porán en funcionamento, Mato destacou a elaboración dun decálogo de dereitos das persoas maiores; a posta en marcha dunha nova carteira de servizos, onde se potenciarán os de proximidade.

Así mesmo, contempla o incremento das modalidades de teleasistencia, a oferta de servizos en centros diúrnos e residenciais, e novos programas de envellecemento activo e de prevención de situacións de dependencia.

"En definitiva, o Goberno galego pretende con este plan acadar unha sociedade máis integradora, máis inclusiva e máis solidaria cos nosos maiores", concluíu a conselleira.

Santiago, 28 de setembro de 2010.- A Xunta de Galicia presentou, coincidindo co Día Internacional dos Maiores, o documento definitivo do Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013 despois de que o Goberno galego dialogase unha a unha as medidas coas entidades que traballan no eido da atención deste colectivo. En total, o programa contempla 69 actuacións.

Co fin de adiantarlles o documento final e para agradecer ás asociacións a súa implicación con este plan, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantiveron no Parlamento un almorzo cos representantes das 13 asociacións de maiores máis representativas de Galicia.

O proxecto está enmarcado no Plan de Actuación Social 2010-2013, no que se establecen os criterios, as prioridades e os recursos para o desenvolvemento das políticas sociais nos próximos anos.

A titular de Traballo e Benestar destacou a importancia do documento principalmente porque se porá en marcha "tras un diálogo mantido durante meses coas entidades que traballan cos maiores e con eles mesmos".

En segundo lugar, Mato salientou que o plan responde ao compromiso da Xunta cun "amplo sector" da poboación, xa que en Galicia os galegos e galegas de máis de 65 anos representan ao 22 por cento da poboación, ao tempo que sinalou que o documento suple "unha carencia" ao explicar que desde 2007 non existía unha estratexia concreta e definida en materia da terceira idade en Galicia.

Por este motivo, a conselleira recalcou que unha das medidas destacadas deste plan é a reactivación e posta en marcha do Consello Galego das Persoas Maiores como órgano permanente de participación e colaboración, xa que indicou que "o plan non contempla os maio-

Mato recolle en Madrid a medalla de prata ao mérito social penitenciario outorgada á Consellería de Traballo e Benestar polo programa "Nelson Mandela"



Madrid, 24 de setembro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar recibiu a medalla de prata ao mérito social penitenciario, que outorga o Ministerio do Interior, pola labor do departamento autonómico no módulo de inclusión "Nelson Mandela", que se desenvolve no cárcere de Teixeiro.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, acudiu a Madrid para recibir este galardón, que vén a recoñecer o esforzo dedicado para acadar a reinserción social dos preto de 74 internos que participan nesta iniciativa, pioneira en España.

Tras recoller o galardón, a conselleira destacou o labor do equipo de inclusión implicado neste programa porque "o mérito é realmente seu", subliñou Mato.

O obxectivo principal deste módulo é a reinserción social das persoas que están próximas a acadar a liberdade e trata, polo tanto, de facilitarlles a adquisición de habilidades e coñecementos para a súa posterior incorporación familiar e laboral cando saian en liberdade.

De feito, o Ministerio do Interior destacou a tarefa realizada polo departamento autonómico no proceso de reinserción social das persoas que pasaron por unha pena de privación de liberdade.

Así, co proxecto Nelson Mandela os internos desenvolven diferentes obradoiros e actividades e unha vez que acadan a liberdade, a Xunta mantén o seu apoio a

- O galardón foi outorgado polo Ministerio do Interior polo labor desenvolvido polo departamento autonómico no módulo de inclusión "Nelson Mandela" que se desenvolve no cárcere de Teixeiro
- O Ministerio do Interior destacou a tarefa realizada polo departamento autonómico no proceso de reinserción social das persoas que pasaron por unha pena de privación de liberdade
- O programa dirixese aos internos que están próximos a acadar a liberdade ofrecéndolles coñecementos e habilidades para a súa posterior incorporación familiar e laboral.

través da rede do Plan de inclusión social de Galicia, facendo un seguimento das persoas que están integradas neste programa.

De feito, os internos poden incorporarse aos circuitos formativos sociolaborais da Consellería de Traballo co fin de que poidan obter formación homologada nos obradoiros que desenvolvan para, desta forma, saír en liberdade cunha cualificación específica e profesional certificada.

Entre as actividades que están a desenvolver os presos destacan, por exemplo, a Escola de Pais e Nais, que pretende ser un apoio para o reencontro dos internos cos seus fillos e familias ou obradoiros intensivos sobre técnicas de busca de emprego.

Así mesmo, moitos son os que asisten aos obradoiros ocupacionais, onde realizan cursos de marquería, cestería ou de confección de camisetas e ao obradoiro de educación viaria que comezou no mes de maio. Tamén está a ter unha moi boa acollida o programa 'Socializad@', no que se conxugan os aspectos psíquicos, emocionais e corporais dos participantes.

Cabe destacar que o módulo Nelson Mandela conseguiu crear novas responsabilidades entre os propios internos, xa que algúns forman parte dunha brigada de mantemento e outros, por exemplo, son auxiliares de biblioteca.

A Consellería colabora economicamente con 94.000 euros anuais que se destinan fundamentalmente ao mantemento do seu equipo de inclusión sociolaboral asignado a este programa, formado por unha pedagoga, unha educadora e unha traballadora social.

Na actualidade, desenvólvese a segunda fase do plan, unha nova etapa do módulo posta en marcha a principios deste ano cunha novidade principal: a posibilidade de que no plan participen presos de todas as idades, xa que con anterioridade só estaba dirixido aos máis mozos.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DO ALZHEIMER

A enfermidade de Alzheimer é actualmente a demencia máis común en todo o mundo e representa entre o 60 e o 80% da totalidade de casos que sofren esta deterioración. Esta, xunto con outras demencias, son síndrome cerebrais dexenerativos e progresivos que afectan a memoria, o pensamento, o comportamento e o estado emocional da persoa, producindo un gran impacto na autonomía persoal dos que as padecen e nas vidas das persoas coas que conviven, especialmente daquelas que se encargan día a día dos coidados.

O Alzheimer e as demencias neurodexenerativas son afectacións tradicionalmente asociadas á vellez, cunha prevalencia que aumenta de forma exponencial entre os 65 e 85 anos, acadando un 20% para as persoas maiores de 80 anos e un 25% para as persoas maiores de 85 anos, e cunha maior prevalencia nas mulleres. Cada ano détéctanse 4.6 millóns de casos novos deste tipo de demencias no mundo. Un caso novo cada sete segundos. Así mesmo, proxéctase que no ano 2050 haberá 100 millóns de persoas con este tipo de enfermidade no mundo. En España son 600.000 os enfermos de Alzheimer pero calcúlase que esta cifra se vai duplicar no prazo de 20 anos. En Galicia existen actualmente 50.000 persoas diagnosticadas de Alzheimer, cunha progresión ascendente.

A magnitude destas cifras xustifica os esforzos que desde diversas instancias públicas e privadas se están facendo no campo da investigación e da atención a este colectivo. Neste eido a Comisión Europea aprobou no ano 2009 una iniciativa sobre a enfermidade do Alzheimer e outras demencias para que os estados membros traballen conxuntamente.

Neste Día Mundial do Alzheimer, o Goberno galego quere manifestar o seu compromiso co apoio ás persoas que padecen esta enfermidade e outras demencias neurodexenerativas, así como aos seus familiares e coidadores, que desenvolven un papel fundamental.

O Goberno da Xunta de Galicia asumiu, como un compromiso prioritario dentro das súas políticas sociais, incrementar o número de prazas en centros de día de atención á dependencia, dirixidos especificamente a persoas que padecen Alzheimer, promovendo a creación dunha rede de centros especializados na atención a este tipo de enfermos. Deste xeito, ao peche deste ano, Galicia contará con 180 prazas máis que hai un ano, o que supón un incremento dun 77% sobre os recursos que había.

A posta en marcha destes equipamentos ten como obxectivo garantir unha atención de calidade ás persoas que padecen Alzheimer e outras enfermidades neurodexenerativas.

Ao mesmo tempo, estamos a traballar para potenciar a participación dos familiares nas actividades desenvolvidas nos centros integrados na rede, fundamentalmente a través das entidades sen ánimo

de lucro, representadas mediante as asociacións de familiares das persoas que padecen Alzheimer.

Por iso, coincidindo co día mundial do Alzheimer o Goberno Galego vén de asinar un convenio de colaboración coa Federación de Asociacións de Familiares de enfermos de Alzheimer e outra demencias coa finalidade de promover o desenvolvemento de actuacións destinadas ás entidades de iniciativa social que traballan neste eido.

O proceso de envellecemento da sociedade actual xunto coa incorporación da muller á vida laboral está a incrementar progresivamente o número de persoas en situación de dependencia, o que precisa de máis profesionais neste ámbito. Estas actividades laborais, ademais, son as que dan mellores resultados en Galicia se temos en conta a súa evolución contractual nos últimos cinco anos, pese ao momento actual do mercado de traballo.

Por iso, o departamento autonómico considera preciso priorizar e aumentar o nivel de formación, tanto para os traballadores deste sector en activo, como para aqueles que vexan neste ámbito unha posibilidade real de inserción no mercado laboral, por iso, en colaboración coas entidades que traballan neste ámbito, elaborouse un módulo específico sobre alzheimer para as persoas coidadoras non profesionais que teñen ao seu cargo persoas afectadas por esta demencia.

A través destas iniciativas o obxectivo da Xunta de Galicia é claro e firme: intentar mellorar a calidade de vida dos afectados pola enfermidade de Alzheimer e a das súas familias, ata que a investigación e a ciencia non atopen solución definitiva a esta doenza.

Nesta liña apoiamos iniciativas como "Alzheimer Internacional 2011: el Año de la Investigación en Alzheimer", que impulsan conxuntamente a Fundación Pasqual Maragall e a Fundación Reina Sofía, co apoio do Ministerio de Ciencia e Innovación, do Ministerio de Sanidade e Política Social e do Ministerio de Economía e Facenda, así como da Fundación Centro de Enfermedades Neurológicas y del Instituto de Salud Carlos III.

A prevención do Alzheimer é posible, e o seu coidado pode mellorar a calidade de vida das persoas con demencia e a dos seus familiares. Por esta razón apostamos por fomentar a creación dunha rede galega de centros especializados para toda a comunidade galega, liderado por un proxecto de referencia nacional no que participa a Fundación Raiña Sofía onde se mestura Investigación e eficacia, ao mesmo tempo que garantimos todo o respecto, a máxima atención e cariño para os enfermos, os coidadores e as súas familias.

DEPENDENCIA

Mato asegura o compromiso do Goberno galego na posta en marcha de servizos para os enfermos de Alzheimer

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou un convenio coa Federación galega de Enfermos de Alzheimer para apoiar as actividades deste colectivo
- ▶ Destacou que, ao peche deste ano, Galicia contará con 180 prazas máis que hai un ano en atención en centros de día especializados.

Santiago, 20 de setembro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou un convenio de colaboración coa Federación de asociacións galegas de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias (Fagal) que ten como obxectivo axudar ao financiamento das actividades que desenvolve esta organización. Con este fin, o departamento autonómico inviste un total de 26.000 euros.

Mato resaltou que a meta deste convenio, que se asina por primeira vez, é "mellorar a calidade de vida dos enfermos de alzheimer, así como a das súas familias e coidadores". Máis polo miúdo, a conselleira concretou que o convenio de colaboración destinarase a financiar as actividades de apoio ao colectivo que desenvolva Fagal ao longo deste ano.

Así, entre outras actuacións, este investimento axudará a levar a cabo actividades de información e asesoramento; elaboración de manuais de atención e boas prácticas e guías de recursos e servizos; centralización de consultas, ou a creación dun teléfono único.

Con todo, Mato precisou que a colaboración cos que padecen esta enfermidade e as asociacións que os representan "non se limita tan só á sinatura deste convenio, senón que ten un calado moito maior".

A titular do departamento autonómico quixo facer unha especial referencia á conmemoración do Día Mundial do Alzheimer, lembrando ademais o "compromiso prioritario" que o Goberno galego mantén desde o primeiro día con este colectivo. Ao respecto, subliñou que en Galicia hai actualmente 50.000 persoas diagnosticadas con esta enfermidade.

Neste eido, sinalou que unha das apostas da Xunta é a creación de prazas de centros de día de atención especializada. "Ao peche deste ano, Galicia contará con 180 prazas máis que hai un ano, isto é, aumentamos un 77 por cento os recursos que había", aclarou Mato, quen avanzou que se seguirá traballando coas asociacións de alzheimer para poder ampliar a atención ás persoas que padecen esta enfermidade, introducindo novas ofertas na carteira de servizos que se está a definir dentro do desenvolvemento da Lei de dependencia.

Así mesmo, apuntou que a Xunta está tamén a traballar para impulsar a participación dos familiares nas actividades que desenvolven estes centros e defendeu a promoción da formación para garantir unha atención de calidade, eido no que se ten elaborado un módulo específico formativo sobre esta enfermidade para as persoas coidadoras non profesionais.

Finalmente, a conselleira mostrou o seu compromiso coa "investigación e a vangarda" á hora de previr e tratar esta enfermidade, unha aposta na que inscribiu o traballo que se está levando a cabo para poñer en marcha un proxecto de referencia nacional sobre o alzheimer, no que participa tamén a Fundación Reina Sofía.

Benestar incrementa nun 34% as prazas de centros de día de Alzheimer e creará 100 máis nos próximos meses**Ribeira (A Coruña), 3 de setembro de 2010.-**

A Xunta de Galicia incrementou nun 34% as prazas de centros de día de alzheimer. Así, puxo en marcha nos últimos meses un total de 80 prazas nas localidades da Coruña, Lalín e en Ribeira, estas últimas inauguradas pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, quen destacou no acto que o Goberno galego, ademais, porá en marcha nos próximos meses 100 máis en Ferrol, Ourense e Monforte.

A titular do departamento autonómico destacou das novas instalacións emprazadas na localidade da comarca de Barbanza, que contan cunha capacidade para 30 usuarios e usuarias. Dez xa están a ser ocupadas desde finais do pasado mes de xullo.

Benestar inicia obras de acondicionamento para o centro de día de Alzheimer**Santiago, 21 de setembro de 2010.-**

A Consellería de Traballo e Benestar inicia as obras de reforma dun local en Salvador de Madariaga para habilitalo como centro de día de alzheimer. Esta instalación, que será posta a disposición da Asociación de Enfermos de Alzheimer da Coruña (AFACO), permitirá duplicar a oferta na cidade para os doentes desta enfermidade, xa que contará con 40 novas prazas que se sumarán ás que ten esta asociación na zona de San Diego.

A reforma, cun orzamento de máis de 143.000 euros, terá unha duración de cinco meses e medio, polo que a instalación poderá abrir as súas portas antes do próximo verán.

Unha vez realizadas as obras, o inmoble, de 413 metros cadrados, contará con tres salas, dúas polivalentes e unha de atención controlada, así como unha zona de enfermería e de fisioterapia, ademais do comedor e dunha zona axardinada.

Preto de 200 mozos poderán inscribirse a partir do 4 de outubro para realizar prácticas laborais noutros países europeos

- ▶ O programa Mogal, xestionado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, permitirá aos participantes traballar en empresas de Italia, Francia, Irlanda e Holanda entre novembro deste ano e decembro de 2011
- ▶ Este proxecto é unha das iniciativas abordadas no marco do "Seminario de responsables de políticas nacionais, rexionais e locais de Xuventude" que se está a desenvolver na capital galega
- ▶ No congreso participaro representantes de España, Rusia, Ucraína, Moldavia, Armenia, Grecia, Italia, Bulgaria, Portugal, Romanía e Hungría
- ▶ A Xunta xa está pechando acordos, no marco desta xuntanza, para organizar intercambios con outros destinos nos últimos meses do ano.



Santiago, 25 de setembro de 2010. Preto de 200 mozos e mozas galegas poderán inscribirse, a partir do próximo 4 de outubro, no programa "Mogal", unha iniciativa que lles permitirá realizar prácticas laborais en empresas de Italia, Francia, Irlanda e Holanda entre novembro de 2010 e decembro de 2011.

De feito, este programa, que xestiona a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude, é un dos proxectos que se está a abordar no marco do "Seminario de responsables de políticas, nacionais, rexionais e locais de Xuventude".

Neste congreso participaron representantes de España e doutros dez países europeos: Rusia, Ucraína, Moldavia, Armenia, Grecia, Italia, Bulgaria, Portugal, Romanía e Hungría. O seu obxectivo é ser un foro para o intercambio de coñecementos e experiencias que en materia de xuventude están a poñer en marcha os distintos membros da Unión Europea e dos países europeos non asociados.

Por iso, a Xunta fixo especial fincapé nos seus programas de mobilidade, entre o que destaca o Mogal, que este ano duplica as súas prazas, xa que o ano pasado participaron no mesmo un centenar de mozos e mozas. Neste exercicio, o proxecto conta cun investimento de máis de 500.000 euros que achega a Unión Europea e o propio

Goberno galego.

A Dirección Xeral de Xuventude presentou tamén o programa "Xuventude no mundo", que se puxo en marcha por primeira vez este ano, e que está permitindo, xa actualmente, que 120 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos teñan a oportunidade de participar en intercambios xuvenís coa mocidade en sete países europeos.

O seminario, organizado pola Consellería de Traballo e Benestar, ten como un dos seus obxectivos prioritarios conseguir unha ampliación do número de países socios que participen nos seus programas de mobilidade.

De feito, os traballos están avanzando a bo ritmo dentro deste seminario, no que se acordou que, nos vindeiros meses, mozos e mozas galegas poderán visitar os seguintes países ou cidades: San Petersburgo, Moldavia, Ucraína, Italia ou Hungría. En cada intercambio –proxectos propios da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado– participarán entre 10 e 12 persoas. Pola súa banda, a mocidade destes países visitaría Galicia durante o próximo ano.

Este esforzo por ampliar as posibilidades dos intercambios entre a mocidade inscríbese na aposta da Xunta de Galicia pola mobilidade xuvenil, un compromiso que se reflicte na Estratexia Xuventude 2010-2013, que recolle este punto como un eixo estratéxico.



Santiago, 24 de setembro de 2010. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato mantivo un encontro con responsables políticos europeos que participan no Seminario europeo de xuventude.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 4 de outubro de 2010.- Galicia rexistrou no mes de setembro un total de 216.095 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 4.563 persoas con respecto ao mes anterior. En termos relativos, este incremento é do 2,16 por cento.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa os datos do paro deste mes, que cualificou de "negativos", posto que aumentou o número de desempregados. Neste sentido, sinalou que a principal causa do incremento do desemprego é a finalización dos contratos temporais da temporada estival, que en Galicia remata antes que noutras comunidades autónomas.

No Estado, o aumento do desemprego foi de 48.102 persoas, un 1,21 por cento en termos relativos, de modo que se situou nas 4.017.73 persoas en paro.

Ao respecto da suba rexistrada en Galicia, Díaz López apuntou que o sector servizos foi onde máis aumentou o desemprego en termos absolutos, con 2.923 persoas, o que vinculou ao fin da temporada estival.

Con todo, sinalou que, aínda que os datos "non son positivos", continúan na senda da contención de destrución de emprego. O ano pasado, en 2009, o aumento foi de 5.223 parados, fronte ás 4.563 deste ano.

Precisou, tamén, que pese a este aumento, no tocante á evolución anual, isto é, desde o 1 de xaneiro de 2010 ata

o 30 de setembro deste mesmo ano, o paro baixou en Galicia en 6.744 persoas, o que representa en valores porcentuais un descenso do 3,03. Sen embargo, engadiu que no mesmo período do ano pasado, o número de persoas desempregadas aumentou na evolución anual en 10.562 persoas, o 5,05%.

En España, a evolución anual entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro, o desemprego aumentou este ano en 90.160 persoas, un 2,4 por cento; mentres que en 2009 este incremento foi do 18,55 por cento, un total de 580.484 persoas, no mesmo período.


Ademais, a directora xeral de Formación e Colocación sinalou que en termos interanuais, o paro rexistrado subiu en todas as comunidades autónomas, estando o incremento relativo en

Galicia no 7,8%, fronte ao aumento medio do Estado do 8,31%. Por provincias, o paro aumentou en todas elas, das que o maior incremento se rexistrou na Coruña (1.844 parados máis), seguida por Pontevedra (1.451), Lugo (921) e Ourense (347).

No que se refire aos sectores, o maior aumento detectouse no sector servizos (2.923 persoas), seguido polo colectivo sen emprego anterior (1.025), a industria (450), a construción (85), e a agricultura e a pesca (80).




Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia en setembro un total de 64.694 contratos en Galicia, 5.500 máis que no mes anterior. Deste total, 5.165 foron indefinidos (7,98 por cento) e 59.529 temporais (92,02%).

Evolución do paro:



	Parados mes	Variación relativa mes anterior
Castela-A Mancha	187.473	-3,01
A Ríoxa	20.584	-1,7
Aragón	88.094	-0,91
Canarias	259.751	-0,4
Cataluña	557.268	0,25
Madrid	471.643	0,65
País Vasco	130.549	0,97
Valencia	502.237	1,11
Navarra	41.374	1,24
Murcia	129.231	1,33
Ceuta	10.138	1,52
Castela e León	183.219	1,72
Galicia	216.095	2,16
Andalucía	897.645	2,35
Melilla	10.429	3
Asturias	76.002	4,18
Extremadura	118.970	4,48
Illes Balears	76.643	4,98
Cantabria	40.418	5,78
TOTAL	4.017.763	1,21

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



FORMACIÓN - EMPREGO

Traballo inviste 6,3 millóns de euros na contratación de 260 axentes de emprego co fin de dinamizar os contornos locais

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 178, do 15.09.2010) publica a orde que convoca estas axudas, destinadas aos concellos galegos e ás entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local
- ▶ Estes técnicos ocúpense de promover a implantación das políticas activas de emprego e de fomentar a xeración de postos de traballo no contorno local e rural.

Santiago, 15 de setembro de 2010.- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 178, do 15.09.2010) publica a orde que convoca as axudas para financiar a contratación duns 260 axentes de emprego e desenvolvemento local (AEDL). En total, a Consellería de Traballo e Benestar destina preto de 6,3 millóns de euros a esta iniciativa, que ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento do emprego nos contornos locais e rurais.

Poderán optar a estas subvencións os concellos galegos e aquelas entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha Administración local.

Os AEDL son técnicos que teñen como obxectivo principal promover a implantación das políticas activas de emprego e fomentar a xeración de postos de traballo no seu contorno. Configúranse, deste xeito, como impulsores do desenvolvemento económico do seu territorio, ao promover a creación e consolidación de iniciativas emprendedoras e potenciar o autoemprego, así como a inserción laboral dos desempregados.

Así, a través do coñecemento das necesidades e potencialidades do seu territorio, cada axente de emprego ten, entre as súas funcións, estimular a actividade empresarial, e asesorar sobre a viabilidade técnica, económica e financeira dos proxectos empresariais que xurdan nese contexto.

Co fin de que estes técnicos teñan unha formación constante, a Consellería de Traballo e Benestar, en colaboración con outros departamentos e entidades, organizará diversas actuacións como reunións de coordinación, cursos ou xornadas de traballo, ademais de facilitar regularmente información sobre a normativa, plans e outras cuestións de interese.

Con este proxecto propiciase, ademais, a permanente colaboración coas entidades locais no fomento das políticas activas de emprego. Hai que lembrar que os AEDL son unha figura complementaria á dos Axentes de emprego, que realizan as mesmas funcións, pero noutras administracións, universidades ou entidades sen ánimo de lucro. Con estes dous perfís técnicos, a Rede de técnicos de emprego da Xunta, especializada na promoción do emprego, completa a súa distribución por todo o territorio da Comunidade.

Traballo e Vegalsa-Eroski colaboran no fomento do emprego e na contratación das persoas de difícil inserción laboral



A Coruña, 14 de setembro de 2010.-

A Consellería de Traballo e Benestar e o grupo Vegalsa-Eroski colaborarán no fomento do emprego e na contratación daqueles colectivos con maiores dificultades de inserción laboral. O obxectivo desta iniciativa é promover o crecemento e a calidade do emprego, así como a responsabilidade social e empresarial.

Estas metas reflíctense no protocolo de colaboración que asinou na Coruña a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o director xeral do grupo alimentario, Joaquín González Iglesias. Neste documento, recóllense, entre outros puntos, a non discriminación das mulleres e homes, a calidade no emprego ou os colectivos que se establecen como prioritarios á hora de facilitar a súa inserción laboral.

Segundo este protocolo de colaboración, a Consellería comprométese atender as necesidades de formación ocupacional dos desempregados para a súa incorporación laboral; a levar a cabo accións de discriminación positiva coas mulleres vítimas de violencia de xénero para promover a súa inclusión na empresa ou a facilitar o acceso de Vegalsa ás liñas de incentivos á contratación.

Ao mesmo tempo, o departamento

autonómico tamén seleccionará, na medida que sexa requirido, a traballadores desempregados que cumpran os perfís profesionais demandados por Vegalsa/Eroski e escollerá, con preferencia, os desempregados procedentes dos colectivos máis afectados pola crise económica: parados de longa duración, desempregados maiores de 45 anos, mozos mozas sen cualificación, desempregados que esgotaran a prestación ou subsidio, e desempregados pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Pola súa banda, entre os seus obxectivos, Vegalsa/Grupo Eroski compromete a incorporación laboral, na medida das súas posibilidades, dos colectivos preferentes fixados no protocolo (grupos en risco de exclusión social, mulleres vítimas de violencia de xénero, parados de longa duración...); así como o fomento, na medida do posible, da contratación indefinida, co fin de promover a estabilidade no emprego.

No documento firmado entre a Administración autonómica e a empresa tamén se establece a procura dunha "igualdade efectiva" na incorporación das mulleres aos postos de responsabilidade, nunha porcentaxe similar ao seu peso no conxunto do cadro de persoal.

FORMACIÓN - EMPREGO

Traballo inviste 250.000 euros en axudas para que investigadores galegos constitúan empresas de base tecnolóxica



Santiago, 17 de setembro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar inviste un total de 250.000 euros en habilitar axudas e recursos para que os grupos de investigadores galegos constitúan empresas de base tecnolóxica cos resultados do seu traballo. O obxectivo é impulsar a transferencia dos coñecementos do ámbito investigador á sociedade e crear negocios cun “plus de competitividade e innovación”.

Así o recolle o convenio do programa “Empresa-Concepto” que asinou a conselleira de Traballo e Benestar, cos reitores das tres univer-

sidades galegas e co presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Rafael Rodrigo Montero.

O obxectivo principal deste acordo é fomentar e apoiar o emprendemento desde o eido académico e investigador, ao dinamizar o traballo dos grupos de investigadores de modo que se posibilita a creación de empresas de base tecnolóxica. “Non podemos deixar que as boas ideas que crean non teñan cabida no mercado galego”, declarou Mato.

Por isto, “esta porta aberta para materializar as súas iniciativas” porá a disposición dos investigadores unha serie de recursos que lles facilitarán a posta en marcha dun negocio. Deste xeito, contarán co asesoramento de promotores tecnolóxicos, que desenvolverán este programa en cada un dos grupos de investigación.

O orzamento do programa tamén contempla financiamento para aqueles traballos de consultoría ou calquera outro proceso de avaliación de viabilidade que sexa preciso para a posta en funcionamento das empresas.

Con estas ferramentas, “minimízanse os riscos de entrada no mercado”, xa que, ademais, será a propia Universidade quen faga de plataforma de lanzamento do novo negocio.

O convenio ten unha vixencia de dous anos. A previsión, segundo detallou Mato, é que durante este tempo se analice a viabilidade dos proxectos de 20 grupos de investigación. Terase en conta as súas posibilidades de constituírse en empresa de base tecnolóxica e a súa incidencia na xeración de emprego.

Os resultados que se produzan sumaranse os xa acadados desde 2004, ano no que comezou a funcionar o programa “Empresa-Concepto”. Durante este tempo, avaliáronse preto de 60 proxectos e constituíronse, ao seu abeiro, un total de 36 empresas subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

“Trátase de empresas de alto valor engadido, que van máis alá do concepto do emprendedor como emprego por conta propia. Achegan a Galicia un plus de competitividade e innovación”, apuntou a conselleira.

Ademais, defendeu o fomento das relacións entre a universidade e a empresa, e entre a innovación e o mercado, como “unha das oportunidades para saír reforzados desta crise”.

Como proba deste compromiso, lembrou que o departamento autonómico que dirixe contou este ano cunha partida de 2 millóns de euros para colaborar coa posta en marcha de iniciativas empresariais de base tecnolóxica.

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia un 6,81 por cento no mes de agosto

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010. - A sinistralidade laboral baixou en Galicia un 6,81% o pasado mes de agosto, período no que se produciron 2.763 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 2.965 ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos rexistrados, 2.714 foron casos leves, 46 graves e 3 mortais.

Analizando os datos por sectores, a meirande diminución foi na construción, cunha baixada do 19,59 %; seguida da agricultura cun 6,30%; dos servizos cun 5,03%, e da industria, cunha redución do 0,60%. Mentres, no sector da pesca produciuse un incremento do 14,61%. Por provincias, en todas descende o número de sinistros laborais, nunha porcentaxe do 9,59% en Pontevedra;

do 9,09% en Ourense; do 6,33% en Lugo, e do 4,30% na Coruña.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas. O índice de incidencia da sinistralidade diminuíu en agosto un 4,80%, sendo o sector da construción o que presenta un comportamento máis favorable cunha redución do índice do 9,86%, seguido dos servizos, cunha diminución do 5,15%, e da agricultura cun 0,26%. Nos restantes sectores de actividade houbo incrementos do índice de incidencia, que foron do 18,20% na pesca e do 2,88% na industria.

Diminución acumulada do 5,44% de xaneiro a agosto

Para dimensionar máis axeitadamente a interpretación destes datos, é necesario contextualizalos na sinistralidade acumulada ao longo do ano. Desde xeito, considerando os resultados do período correspondente de xaneiro a agosto de 2010, observase unha baixada en Galicia do 5,44%, cun total de 24.732 accidentes, fronte aos 26.154 no mesmo período de 2009.



Estatísticas mensuais

BREVES

O albergue xuvenil Lug II vén de ser elixido sede do programa de mobilidade creativa da Rede Española de Albergues Xuvenís (REAJ)

Lugo, 27 de setembro de 2010. - Xunto con Córdoba, Miranda de Ebro, Vic e Zaragoza, as instalacións da comunidade autónoma de Galicia foron seleccionadas entre os 243 centros adscritos á rede.

En concreto, a elección veu motivada polo proxecto Lug ES que presentou a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a esta convocatoria nacional, unha actividade que consistirá en promover e estimular a creación artística da xuventude dentro dos parámetros da arte actual, preferentemente nas disciplinas de pintura, escultura, debuxo, fotografía, vídeo, instalacións, videoarte, arte urbano e electrónico, performance e música.

Benestar apoia a peregrinación dun cento de persoas con parálise cerebral que percorreron o Camiño desde a fronteira con Portugal

Santiago, 26 de setembro de 2010. - A directora xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, Coro Piñeiro, recibiu en Santiago aos máis de cen membros e familiares da Federación Galega de Parálise Cerebral (Aspace-Galicia) que despois de facer unha peregrinación de seis días- percorreron 110 quilómetros desde a fronteira con Portugal seguindo a ruta do Camiño portugués- chegaron á Praza do Obradoiro.

A responsable da área autonómica destacou que unha das liñas de atención prioritaria para o Goberno galego é a atención especializada deste colectivo nos servizos sociais e, ao respecto, recordou que a Xunta puxo en marcha recentemente 14 novas prazas públicas para respiro familiar na provincia de Pontevedra.

Así mesmo, Piñeiro destacou "o gran esforzo" que está a facer a Xunta no eido da atención ás persoas con discapacidade ao resaltar que "a promoción dos dereitos deste colectivo e a garantía de igualdade de oportunidades constitúen o núcleo básico da nosa política social".

Traballo financia con máis de 340.000 euros formación específica para ao redor de 1.000 traballadores do sector do mar

Cambados (Pontevedra), 8 de setembro de 2010. - A Consellería de Traballo e Benestar financiará este ano, por primeira vez, formación específica dirixida aos traballadores ocupados do sector do mar desenvolvida polas confrarías de pescadores. Esta iniciativa, que se desenvolverá ao longo de todo o litoral galego, beneficiará a máis de 1.000 persoas.

Así o explicou a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, nunha rolda de prensa que tivo lugar en Cambados. Na súa intervención, precisou que se desenvolverán ao redor de 70 accións formativas en máis de 20 localidades costeiras galegas, puntos seleccionados pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores que será a encargada de executar a formación.

Mato avoga por un enfoque transversal e integral das políticas de igualdade

A Coruña, 27 de setembro de 2010. - A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avogou por levar as políticas de igualdade "máis alá" da perspectiva de xénero, de modo que atendan tamén a outras variables como son a discapacidade ou a incapacidade temporal.

Así o defendeu na súa intervención na inauguración na Coruña do encontro "Régime xurídico da igualdade". Neste sentido, apostou por "avanzar nunha nova configuración das políticas sociais dentro dun marco de transversalidade para lograr integrar perspectivas como a de xénero, a de discapacidade ou mesmo a do envellecemento".

PUBLICACIÓNS SETEMBRO 2010

As publicacións editadas pola consellería no mes de setembro son as seguintes:

- ▀ **BITeB. Nº 55, setembro de 2010**
- ▀ **Escolas obradoiro, casas de oficios, e obradoiros de emprego en Galicia. 2009**
- ▀ **Estudo do mercado laboral. Galicia 2009**
- ▀ **Galicia. Informe do paro rexistrado. Agosto 2010.**



NORMATIVA DOG

